

Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Substitución apoio 9TCXRJV8 na LMT CBD804 no concello de Cambados, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2022/138-4).

A instalación denominada Substitución apoio 9TCXRJV8 na LMT CBD804 foi declarada de utilidade pública mediante resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 11 de agosto de 2022, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **29 de novembro de 2022**, a partir das **12** horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Cambados.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

O xefe territorial de Pontevedra
Tomás Nogueiras Nieto

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Substitución apoio 9TCXRJV8 na LMT CBD804						
Nº	Referencia catastral	Paraxe	Cultivo	Titular	Nº apoio	m2 Solo
1	36006A009006760000OP	Buceta	Rústico Agrario	Elvira Aguiño Villanueva	1	0,72
2	36006A009005290000OJ	Buceta	Rústico Agrario	Isabel González Morrazo	1	0,72

